



## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL A LARACHA

*Bases da 29ª edición do concurso de escaparates. Nadal 2024*

### PRIMEIRA – Obxecto

É obxecto deste concurso estimular ás empresas, establecementos e comerciantes do municipio para decorar os escaparates con motivos propios das datas do Nadal.

### SEGUNDA – Participantes

Poderán participar todos/as os/as empresarios/as que teñan escaparates de exterior en calquera das parroquias que compoñen o termo municipal.

### TERCEIRA – Inscripción

Os participantes poderán facer a inscrición de maneira telemática no enlace <https://forms.gle/KvMHPN2Na7gapvpWA> (QR), que tamén estará dispoñible na páxina web [www.alaracha.gal](http://www.alaracha.gal). Tamén se poderá formalizar a inscrición de forma presencial no Concello.

Se é o primeiro ano no que se presenta ao concurso, ou se o número de conta cambiou respecto aos anos anteriores, é necesario axuntar no formulario o certificado de titularidade de conta bancaria.

### CUARTA – Prazo de inscrición

O prazo de presentación de solicitudes de participación comeza a partir do seguinte ao da publicación das bases da convocatoria no BOP e remata o **20 de decembro de 2024**.

### QUINTA – Duración dos escaparates

Os escaparates participantes deberán permanecer adornados como mínimo **dende o venres 20 de decembro de 2024 ata o luns 6 de xaneiro de 2025**. Nese prazo o escaparate non poderá ser modificado de forma algunha.

### SEXTA – Categorias de concurso

Haberá dúas categorías do concurso:

#### · Valoración do Xurado:

Tendo en conta a diversidade de produtos dos comercios participantes, valorarase o esforzo realizado en cada traballo cos seguintes criterios: creatividade, orixinalidade, iluminación e composición comercial. O escaparate debe permanecer visible dende o exterior. O xurado reservarse o dereito de declarar deserto algún ou todos os premios se así o estiman oportuno. Non se valorarán escaparates cuxa decoración sexa igual ou parecida á do ano anterior.

#### · Votación FACEBOOK:

Para participar é necesario axuntar unha única foto ao formulario de inscrición (se son varios escaparates, os participantes deberán xuntar as imaxes nunha única fotografía) Tamén se pode enviar a fotografía ao seguinte correo; [cultura@alaracha.gal](mailto:cultura@alaracha.gal) antes do luns 25 de decembro ás 23:59 h.

As imaxes subiranse o xoves 26 de decembro de 2024 á paxina de Facebook do Concello da Laracha (<https://www.facebook.com/ConcelloALaracha/>), para que os usuarios da rede social poidan votar ata as 12:00 h do día 3 de xaneiro de 2025 polas que estimen oportuno premendo en calquera das opcións de reaccións positivas (“gústame” ou “encántame”). As tres imaxes con máis reaccións positivas serán as premiadas.

### SÉTIMA - Usos automáticos de votos

O Concello da Laracha resérvase o dereito de descualificar a calquera participante se existise sospeita de uso fraudulento das ferramentas e na forma de participar no concurso. Por este motivo, poderanse tomar as medidas oportunas tales como bloquear usuarios, descualificar contidos ou usuarios ou calquera outra acción que o Concello estime oportuna. Asemade, poderá realizar as comprobacións necesarias coa fin de evitar duplicidade de participacións, así como para eliminar aos inscritos que non cumpran cos requisitos mencionados ou que participen de forma fraudulenta como, por exemplo, mediante o uso de bots ou sistemas automáticos de votos.

**OITAVA – Premios**

Establécense 8 premios para os escaparates do concurso mellor valorados:

**Premios xurado :**

- 1º Premio: 500 €
- 2º Premio: 400 €
- 3º Premio: 300 €
- 4º Premio: 200 €
- 5º Premio: 100 €

**Premios Facebook:**

- 1º Premio: 150 €
- 2º Premio: 100 €
- 3º Premio: 50 €

**NOVENA – Xurado**

As persoas participantes do xurado serán nomeadas pola Concellería de Cultura. A deliberación do xurado será secreta e a decisión, inapelable.

**DÉCIMA – Valoración do xurado**

A valoración dos escaparates por parte do xurado levaranse a cabo o día **26 de decembro a partir das 18:00 horas**. Aqueles escaparates que non estean visibles no momento da valoración, quedarán excluídos desa categoría de concurso.

**UNDÉCIMA- Publicación dos gañadores**

A listaxe de escaparates premiados publicarase na páxina web do Concello ([www.alaracha.gal](http://www.alaracha.gal)) e no Facebook (<https://www.facebook.com/ConcelloALaracha/>). Os galardoados recibirán unha comunicación co importe do premio. Os escaparates participantes poderán gañar ata dous premios, un do xurado e outro no concurso de Facebook.

**DUODÉCIMO:**

A participación neste concurso supón a plena aceptación das presentes bases.

A Laracha, 14 de novembro de 2024

O alcalde

José Manuel López Varela

2024/8171